



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DA 21ª EDICIÓN DO PREMIO INTERNACIONAL “JESÚS NÚÑEZ” DE ARTE GRÁFICA DO ANO 2026

Despois de ver os informes do servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaria Xeral e do servizo de Fiscalización

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as Bases reguladoras da 21ª Edición do Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica, cuxo texto se transcribe no anexo.

Segundo.- Publicar as presentes bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Aprobar a convocatoria da 21ª Edición do Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo – Bases Reguladoras.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 10 de febreiro de 2026 e rematará o 10 de abril de 2026.

Cuarto.- Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Quinto.- Aprobar o orzamento dos gastos derivados da convocatoria, que ascenden a un total de 10.500 €, de acordo co seguinte detalle:

Concepto	Aplicación orzamentaria	Documento contable RC	Importe
Premio	0612/3342/481	220259000644	6.500,00 €
Xurado (5 x 800,00 €)	0612/3342/22609	220259000645	4.000,00 €
		TOTAL	10.500,00 €

De acordo con o establecido no art. 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, “A autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.”



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

O financiamento quedará supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2026. Noutro caso sería de aplicación o establecido no 173.5 do TRLRHL, *“non poderán adquirirse compromisos de gastos por contía superior ao importe dos créditos autorizados nos estados de gastos, sendo nulos de pleno dereito os acordos, resolucións e actos administrativos que infrinxan a expresada norma, sen prexuízo das responsabilidades a que haxa lugar”*.

Así mesmo, queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no momento.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

ANEXO - BASES REGULADORAS

21ª Edición do Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica do ano 2026

BASES

Primeira.- Obxecto

Na liña de apoio á creación artística que leva a cabo a Deputación da Coruña e, en concreto, ao desenvolvemento da arte gráfica, así como, en recoñecemento ao labor realizado pola Fundación “Centro Internacional da Estampa Contemporánea” de Betanzos e á ampla traxectoria do artista Jesús Núñez, o seu fundador, a Deputación da Coruña convoca o Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica do ano 2026.

Segunda.- Persoas destinatarias

Poderán optar ao premio todas as persoas maiores de idade, que non obtivesen o premio nos cinco anos anteriores a este, e que presenten obras non premiadas en ningún outro concurso ou certame cunha antigüidade máxima de tres anos.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificarase mediante unha declaración responsable na que se manifeste ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poidan xurdir, polo que recaerá na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumirá, se é o caso, as indemnizacións que poidan corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicarlle á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do premio.

Terceira.- Dotación

Establécense os seguintes premios:

- Primeiro premio dotado con **6.500,00€** e unha exposición na Fundación CIEC. Esta cantidade está suxeita ás retencións legais que lle sexan de aplicación.
- Dous accésits consistentes cada un deles nunha bolsa de matrícula dun módulo do Máster de Obra Gráfica impartido pola Fundación CIEC.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

Os premios poderán quedar desertos ou, no caso do primeiro premio, ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a persoa premiada falecese despois da decisión do xurado.

Os traballos premiados quedarán en propiedade da Deputación da Coruña; así mesmo, as persoas autoras das obras entregarán outro exemplar, igual aos premiados, á Fundación CIEC, con destino aos fondos da súa colección.

A Deputación poderá publicar un catálogo cos traballos premiados e, previo acordo coas persoas autoras, poderá publicar e expoñer, tamén, aqueles traballos que non fosen premiados e que o xurado considere de calidade.

As persoas cuxas obras sexan incluídas na publicación recibirán cinco exemplares do catálogo.

Cuarta.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día **10 de febreiro de 2026 e rematará o 10 de abril de 2026**, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Quinta.- Envío da obra e documentación

A presentación realizarase mediante o envío de dous elementos diferenciados: por unha banda a solicitude da persoa participante xunto coa documentación administrativa correspondente; e por outra, a obra.

Solicitudes

As solicitudes presentaranse, no modelo que figura como **ANEXO**, por algún dos seguintes medios:

- Preferentemente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña.
- En calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- Mediante envío por correo postal ao enderezo Deputación Provincial da Coruña, Avda Porto da Coruña 2, 15003 A Coruña



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

As persoas interesadas en participar que teñan dificultades para remitir a solicitude por algunha das vías anteriores poderán enviala por correo electrónico á Fundación CIEC (premio@fundacionciec.com), cunha antelación mínima de dez días naturais antes da finalización do prazo de presentación. Deberán achegar un modelo de representación no que autoricen á Fundación CIEC a realizar a presentación da súa solicitude. A Fundación encargarse de rexistrala a través do Rexistro Xeral dentro do prazo establecido.

Documentos que deben acompañar á solicitude

- Currículo do/a autor/a que non exceda dun tamaño DIN A4, por unha cara
- Ficha técnica da obra: título, técnica, data, tipo de papel, medida do papel (altura x base), medida da mancha (altura x base), número de matrices, número de tintas, tirada e taller de estampaxe
- Fotografía da obra

Obra

As obras enviaranse á Fundación CIEC, rúa do Castro 2, 15300 Betanzos, A Coruña. Indicando no exterior: "Premio internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica – “no commercial value”.

Cada artista poderá presentar un máximo dunha obra, en calquera das disciplinas das técnicas gráficas: gravado calcográfico, litografía, serigrafía, xilografía e as súas derivacións.

As medidas do papel non excederán de 115 x 78 cm e o tamaño da mancha impresa será, como mínimo, de 28 x 28 cm.

O grosor das obras non poderá superar 1 cm.

As obras presentaranse asinadas, sen enmarcar e ao dorso deberá figurar o nome e apelidos da persoa autora, o ano da súa realización e a copia da solicitude remitida á Deputación Provincial da Coruña.

Non se admitirán obras que non teñan presentada a solicitude correspondente por calquera dos medios indicados anteriormente.

Os gastos de envío das obras e documentación correrán a cargo das persoas solicitantes.

Sexta.- Xurado

O xurado estará presidido pola Deputada de Cultura ou a persoa en quen delegue, quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte del:

- Unha persoa en representación da Fundación CIEC



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

- Catro persoas de recoñecido prestixio no ámbito da arte gráfica, nomeadas pola Deputada de Cultura.

As funcións de secretaría exerceraas a Secretaría da Corporación ou a persoa funcionaria en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición dos xurados daranse a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas serán estendidas as actas correspondentes.

Sétima.- Concesión, selección para a exposición e pago

Concesión e pago

A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do Servizo de Fiscalización.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiara aquelas persoas que teñan a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal, de conformidade co disposto no artigo 13.f) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Para a concesión e o cobro do primeiro premio, a persoa premiada deberá presentar a seguinte documentación:

Residencia española:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social
Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña ás consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social
- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña.
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria

Outra residencia:

- Copia do pasaporte ou DNI
- Certificado de residencia fiscal
- Declaración de non ter establecemento permanente en España, no seu caso
- Certificación de titularidade de conta bancaria

A presentación desta documentación farase preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "solicitud xeral" dispoñible na sede electrónica da Deputación da Coruña. Tamén poderá presentala en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A resolución de concesión será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia.

A concesión e pago do premio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Selección para a exposición

O xurado poderá seleccionar 30 obras, como máximo, entre as obras non premiadas, para a súa inclusión nunha exposición, que será inaugurada na Fundación CIEC e que logo itinerará por concellos da provincia; para esta exposición será editado o correspondente catálogo, do que se entregarán cinco exemplares a cada unha das persoas autoras presentes na exposición.

As obras non seleccionadas, enviadas desde territorio nacional, devolveranse ás súas autoras ou seus autores, por mensaxería a portes debidos.

Os envíos procedentes do estranxeiro devolveranse a portes debidos, previa consulta e/ou información por parte da Fundación CIEC. No caso de que a persoa autora non responda ou non se poña en contacto coa Fundación CIEC para a devolución da súa obra, entenderase que renuncia á súa propiedade



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

As obras que resulten seleccionadas para a exposición serán devoltas, nas condicións establecidas nos parágrafos anteriores, ao finalizar a súa itinerancia.

Oitava.- Obrigas

Os titulares das obras presentadas, a través da aceptación das bases deste premio, outorgan unha cesión non exclusiva, gratuíta e intransmisible á Deputación da Coruña, nos termos do artigo 50 da Lei de propiedade intelectual, o Real decreto lexislativo 1/1996, do 12 de abril.

Os dereitos cedidos son os de reprodución, distribución, comunicación pública en todas as súas modalidades, incluída a de posta a disposición.

Os titulares das obras presentadas aceptan a inclusión das que poida seleccionar o xurado no catálogo e na exposición itinerante.

Novena.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades complementarias.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación
- Filmacións destinadas á promoción da actividade
- Publicacións para dar a coñecer a actividade

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPDP pode reclamar perante a AEPD.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Décima.- Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos	Número de documento de identidade (DNI ou Pasaporte)	
Nacionalidade e data de nacemento		
Enderezo de residencia		
Concello	Código postal	País
Teléfono	Correo electrónico	



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

--	--

FICHA DA OBRA

Título da obra	Data de realización
Técnica	Tipo de papel
Medida do papel	Medida da mancha
Número de matrices	Número de tintas
Tirada	Taller de estampaxe

1. Declaro responsablemente que son a persoa autora e titular de todos os dereitos e que a obra é inédita e que non foi premiada, até a data de presentación, en ningún outro certame ou premio
2. Realizo unha cesión non exclusiva, gratuíta e intransmisible á Deputación da Coruña, dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública en todas as súas modalidades,



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

incluída a de posta a disposición da obra, para os efectos seguintes:

- Exposición ou exhibición no lugar que estime oportuno dentro da itinerancia programada das obras seleccionadas no Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica 2026.
- Reprodución total ou parcial da obra e a súa inclusión no catálogo das obras seleccionadas polo xurado.

Sinatura



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica

SOLICITUD DE PARTICIPACIÓN

DATOS PERSONALES

Nombre y apellidos	Número de documento de identidad (DNI o Pasaporte)	
Nacionalidad y fecha de nacimiento		
Dirección de residencia		
Ayuntamiento	Código postal	País
Teléfono	Correo electrónico	



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

--	--

FICHA DE LA OBRA

Título de la obra	Fecha de realización
Técnica	Tipo de papel
Medida del papel	Medida de la mancha
Número de matrices	Número de tintas
Tirada	Taller de estampación

1. Declaro responsablemente que soy la persona autora y titular de todos los derechos y que la obra es inédita y que no fue premiada, hasta la fecha de presentación, en ningún otro certamen o premio

2. Realizo una cesión no exclusiva, gratuita e intransmisible a la Diputación de A Coruña, de los derechos de reproducción, distribución, comunicación pública en todas sus modalidades, incluida a de puesta a disposición de la obra, a los efectos siguientes:



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

- Exposición o exhibición en el lugar que estime oportuno dentro de la itinerancia programada de las obras seleccionadas no Premio Internacional "Jesús Núñez" de arte gráfica 2026.
- Reproducción total o parcial de la obra y su inclusión en el catálogo de las obras seleccionadas por el jurado.

Firma



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

Premio “Jesús Núñez” International Graphic Prize

PARTICIPATION FORM

ENTRY FORM

Name and surname	ID-Passport	
Nationality and date of birth		
Residence address		
City and Province	Postcode	Country
Phone number	E-mail address	



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

--	--

WORK

Title of the print	Date of creation
Technique	Paper
Paper size	Plate size
Type, number and material of plates	Number of inks
Edition Value	Printing workshop



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

- I hereby declare that I am the sole author of the work, that I hold all its legal rights and that the work has not been previously awarded a prize in any other competition.
- I make a non exclusive, free and intransmissible cession of the rights of reproduction, distribution, public communication in all its modalities to Diputación de A Coruña, to the following effects:
 - Exhibition inside the traveling exhibition programmed of the works selected in the international Prize “Jesús Núñez” of graphic art.
 - Total or partial reproduction of the work and his inclusion in the catalogue of the works selected by the jury.

Signature

The Participation Form needs to be sent to Diputación Provincial de A Coruña by any of the shipping means referred in the rules of the Prize.

All the works need to be sent to Fundación CIEC, calle del Castro 2, 15300 Betanzos, A Coruña, indicating in the parcel "Jesús Núñez" International Graphic Prize 2026" – **“no commercial value”**

All the works have to be presented signed by the author, unframed and with the name and surname of the author and year written in the back, and with a copy of the participation form previously sent to Diputación Provincial de A Coruña.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria da 21ª Edición do Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica. O texto completo do certame pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións

Primeiro. Beneficiarios

Poderán optar ao premio todas as persoas maiores de idade, que non obtivesen o premio nos cinco anos anteriores a este, e que presenten obras non premiadas en ningún outro concurso ou certame.

Segundo. Obxecto

Na liña de apoio á creación artística que leva a cabo a Deputación da Coruña e, en concreto, ao desenvolvemento da arte gráfica, así como, en recoñecemento ao labor realizado pola Fundación “Centro Internacional da Estampa Contemporánea” de Betanzos e á ampla traxectoria do artista Jesús Núñez, o seu fundador, a Deputación da Coruña convoca o Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfica do ano 2026.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 6.500,00 €, con cargo á partida 0612/3342/481 do Orzamento ordinario para 2025.

Establécense os seguintes premios:

* Primeiro premio dotado con 6.500 € e unha exposición na Fundación CIEC.

* Dous accésits consistentes cada un deles nunha bolsa de matrícula dun módulo do Máster de Obra Gráfica impartido pola Fundación CIEC.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

Os premios poderán quedar desertos ou, no caso do primeiro premio, ser concedido con carácter ex aequo; neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase o día 10 de febreiro de 2025, e finalizará o día 10 de abril de 2025.

Sexto. Outros datos

O xurado poderá realizar unha selección (que será de 30 obras como máximo), entre as obras non premiadas, para a súa inclusión nunha exposición, que será inaugurada na Fundación CIEC e que, posteriormente, itinerará por municipios da provincia.

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria de la 21ª Edición del Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfico. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones

Primero. Beneficiarios

Podrán optar al premio todas las personas mayores de edad, que no lo hubiesen obtenido en los cinco años anteriores a éste, y que presenten obras no premiadas en ningún otro concurso o certamen

Segundo. Objeto

En la línea de apoyo a la creación artística que lleva a cabo la Diputación de A Coruña y, en concreto, al desarrollo del arte gráfico, así como, en reconocimiento a la labor realizada por la Fundación “Centro Internacional de la Estampa Contemporánea” de Betanzos y a la amplia trayectoria del artista Jesús Núñez, su fundador, la Diputación de A Coruña convoca el Premio Internacional “Jesús Núñez” de arte gráfico del año 2026.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se registrá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Expediente: 2025000033949

Convocatoria: 2026 PREM-JN

El importe de la consignación asciende a un total de 6.500,00 €, con cargo a la partida 0612/3342/481 del Presupuesto ordinario para 2025.

Se establecen los siguientes premios:

* Primer premio dotado con 6.500 € y una exposición en la Fundación CIEC.

* Dos accésits consistentes cada uno de ellos en una bolsa de matrícula de un módulo del Máster de Obra Gráfica impartido por la Fundación CIEC.

Los premios podrán quedar desiertos o, en el caso del primero premio, ser concedido con carácter ex aequo; en este caso, su importe se repartirá proporcionalmente entre las personas que resulten premiadas.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará el día 10 de febrero de 2025, y finalizará el día 10 de abril de 2025.

Sexto. Otros datos

El jurado podrá realizar una selección (que será de 30 obras como máximo), entre las obras no premiadas, para su inclusión en una exposición, que será inaugurada en la Fundación CIEC y que, posteriormente, itinerará por municipios de la provincia.